

**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**2/2021. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 4 DE FEBREIRO DE 2021.**

Sendo as once horas e seis minutos do día 4 de febreiro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 97/2021, de data 02.02.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos asistentes, atopándose todos eles en territorio español. Non asisten, con excusa, os concelleiros D. José Miguel Mahía Prados e D. Iván Martínez González. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.


Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que todos os concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

**1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.**

**21 s:** Polo sr. Alcalde faise unha exposición dos motivos que dan lugar á convocatoria da presente sesión plenaria aos efectos de que o Pleno se pronuncie sobre a urxencia dos asuntos comprendidos no mesmo.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021”**

Tras deliberación, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 29.01.2021, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente realizada en data 02.02.2021, por 10 votos a favor (4 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), ACORDA:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**


	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	6.864,32 €	1.091,67 €	7.955,99 €
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>6.864,32 €</b>	<b>1.091,67 €</b>	<b>7.955,99 €</b>

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**C) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: RÚA CORUTO, LODAIRO, IGREXA DE FRANZA E RÚA GALIÑEIRO	102.224,81 €	17.095,99 €	119.320,80 €
MELLORA DE REDE DE PLUVIAIS NO PORTO	31.867,71 €	-	31.867,71 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>134.092,52 €</b>	<b>17.095,99 €</b>	<b>151.188,51€</b>



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
PISTA MULTIDEPORTE Y PARQUE INFANTIL EN O BAÑO	65.243,76 €	35.637,15 €	100.880,91€
MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: RÚA DO PENEDO E FRANZA DE ABAIXO	62.097,02 €	-	62.097,02 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>127.340,78 €</b>	<b>35.637,15 €</b>	<b>162.977,93 €</b>


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	7.955,99 €		7.955,99 €
	Achega 2021	-		
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	-		
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	-		
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	134.092,52 €	17.095,99 €	151.188,51€
	Achega 2020	127.340,78 €	35.637,15 €	162.977,93 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2021</b>			
	<b>Achega 2020</b>			
	<b>Préstamo 2021</b>			
	<b>TOTAL</b>	<b>269.389,29 €</b>	<b>52.733,14 €</b>	<b>322.122,43 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
MELLORA DA AREA RECREATIVA BEIRAMAR E ACCESOS	180.654,95 €
<b>TOTAIS</b>	<b>180.654,95 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.


4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**DELIBERACIÓN**

**1 min 16 s:** Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de obras, servizos e medioambiente.

**- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**1 min 32 s:** Polo sr. Kuntz Peiteado faise unha exposición e xustificación da proposta que se somete ao Pleno.

**4 min 10 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.


**- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS**

**4 min 47 s:** O sr. Varela Filgueiras expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, indicando que manterá o sentido do voto que manifestara na comisión informativa, e que é o da abstención, facendo constar que no que se refire á obra de Beiramar entende que o compromiso para asinar un convenio ata o ano 2045 debería vir refrendado pola asemblea da sociedade e non só mediante o escrito da súa presidenta, dado que a actuación que se ten previsto levar a cabo vaise a realizar con cartos públicos en terreos dunha sociedade privada.

**6 min 12 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSOE.

**6 min 20 s:** O sr. Martínez Bardanca expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, indicando que cambiarán o sentido do voto que manifestaran na comisión informativa, que era o da abstención, pasando este a ser favorable á aprobación do presente punto da orde do día, dado que no caso da obra de Beiramar entenden que debe ser válido é suficiente o compromiso manifestado pola presidenta, en nome da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega.

**8 min 12 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**8 min 17 s:** A sra. Díaz Otero expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, indicando que manterán o sentido do voto que manifestaran na comisión informativa, e que era favorable á aprobación do conxunto da proposta que se trae a Pleno, solicitando, así mesmo, que sobre todo polo goberno municipal, como principal impulsor de proxectos de orzamentos, se manifeste o compromiso de que a obra de Beiramar terá un financiamento concreto e que polo tanto se teña unha seguridade de que o que se está a votar hoxe vaise a executar e que non quede para anos posteriores por non ter financiación; e remata dicindo que lles gustaría trasladar a posibilidade de que se estude a ampliación da plataforma dos accesos a Beiramar.

**12 min 45 s:** Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

**- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS**

**13 min 14 s:** A sra. Díaz Otero intervén sinalando que supón que o concelleiro, sr. Kuntz Peiteado, terá algo que comentar ao respecto da súa anterior intervención.

**13 min 20 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao concelleiro delegado de obras, servizos e medioambiente.

**13 min 22 s:** Polo sr. Kuntz Peiteado intervense para explicar os motivos polos cales se inclúen no POS+ 2021 obras que estiveron incluídas no adicional do POS 2020, e con respecto áo financiación da obra de Beiramar indica que terá que decidilo a Deputación, porque os complementarios deste Plan poden ser aceptados ou non pola Deputación; manifestando que o compromiso do goberno é o de levar ao POS un parque cada ano e poder facelo.

**14 min 43 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común.

**14 min 46 s:** Pola sra. Díaz Otero intervense para explicar o porque de que as obras que ían no complementario do POS 2020 non se financiasen pola Deputación, e indica que o que están a pedir é que se manifeste unha vontade, por parte do grupo de goberno, para que a obra de Beiramar se poida executar aínda que a Deputación non implemente ese crédito extraordinario para dotar de fondos ao plan complementario.

**16 min 22 s:** O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto sometendo o mesmo a votación.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021” PARA AMPLIAR O OBXECTO DO POS+ ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021.**

**16 min 49 s:** Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra á concelleira delegada de benestar social e igualdade.

**- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**17 min 12 s:** Pola sra. Varela Bastida faise unha exposición e xustificación da proposta que se somete ao Pleno.

**17 min 43 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.


**- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS**

**18 min 01 s:** O sr. Martínez Bardanca expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, indicando que ratificarán o voto que manifestaran na comisión, e que era favorable á aprobación do presente punto da orde do día, sinalando que este plan se financia cos fondos que se deixaron de investir no plan adicional anterior.

**18 min 45 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común.

**18 min 50 s:** A sra. Díaz Otero expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, indicando que se ratifican no sentido do voto que manifestaran na correspondente comisión informativa, e que é favorable á aprobación do presente punto da orde do día, aínda que manifesta que non considera acertado que se inclúan no plan gastos para prendas de uso diario, os cales xa están incluídos dentro dos gastos correntes do propio Concello xa que así está recollido no convenio colectivo.

**20 min 30 s:** O sr. Alcalde intervén para aclarar que no contexto actual, e aínda que as prendas ás que se refire a voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común son de uso diario, o Concello vese na obriga de dotar dun maior número das mesmas ás empregadas, o que xera un desequilibrio entre o que se facía antes, nunha situación de non pandemia, e o que se fai agora nunha situación de pandemia; sinalando que o Concello está asumindo en moitos aspectos gastos que están moi por encima dos gastos que supón o funcionamento normal da administración. De seguido, polo sr. Alcalde dase por finalizado o debate sometendo a votación o asunto.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)


Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola concelleira da área de Benestar Social e Igualdade en data 28.01.2021, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade realizada en data 02.02.2021, por unanimidade, ACORDA:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2021”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	81.268,2 €
---	------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	39.867,20€	0 €	39.867,20€






**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2021</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)</b>
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	45.598,55 €	0 €	45.598,55 €
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	1.494,00 €	0 €	1.494,00 €
<b>T O T A L</b>	<b>86.959,75 €</b>	<b>0 €</b>	<b>86.959,75 €</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás once horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=3>



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):  
e583da2fae7b306919389f1570c2fe1295d13897c738aa9a572c2a38bb435836

Vº e praxe  
O ALCALDE